



EXPEDIENTE: 12242/333. Procedemento aberto para o contrato xestión de servizos públicos con execución de obra, a través da modalidade de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia

ASUNTO: Informe técnico para a valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, en relación a oferta técnica do sobre “B”.

DESTINATARIO: Mesa de Contratación.

DATA: 22/10/2013

A mesa de contratación do Concello de Vigo remite con data 16 de outubro de 2013, para valoración técnica a oferta técnica incluída no sobre “B” presentada pola empresa CIVISGLOBAL.

Para a valoración da oferta técnica presentada no sobre “B”, se atenderá os criterios establecidos no apartado “A”, da cláusula 16ª. “Criterios para a adxudicación do contrato, definidos no PCAP aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 8 de agosto de 2013.

Así mesmo se deberá ter en conta que o proxecto presentado cumpre coas condicións mínimas establecidas no obxecto do contrato, así como coas condicións mínimas para as obras deste novo complexo deportivo de Navia segundo o disposto no PCTP, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 8 de agosto de 2013.

1.- Obxecto do contrato:

O obxecto deste contrato inclúe como obrigaón accesoria a execución das obras precisas para a prestación do servizo, obras que deberán executarse tal e como son definidas no anteproxecto de explotación para o contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra, a través da modalidade de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 14 de xuño de 2013, tras ter sido sometido a exposición pública.

A obra de construción do “Complexo deportivo de Navia” se desenvolverá na parcela D-2 destinada a usos deportivos no ámbito do Plan parcial de Navia. Dita parcela sitúase en solo urbanizable delimitado, no ámbito do sector S-72-R Navia, que recolle o Plan Parcial aprobado definitivamente en sesión plenaria do 3 de xuño de 1996 e a modificación puntual número 1, aprobada en sesión plenaria o 25 de abril de 2005, e conterá as seguintes actuacións:

2.- Aspectos de valoración:

Os licitadores nas súas ofertas plantexaran un programa de instalacións deportivas que deberán contemplar como requisitos base os criterios que se detallan a continuación:



2.1.- Proposta xeral:

Requisitos	Valoración
a. A ordenación proposta pretende crear o acceso peonil ao complexo deportivo de Navia polo lado norte da parcela, organizándose a través dunha gran praza que unifique os accesos ao pavillón polideportivo e o campo de fútbol xa existentes, e ao novo edificio principal do complexo deportivo que se proxecta.	Cumpre
b. Esta praza unirase á zoa verde da parcela lindeira e organizará unha rúa peonil norte-sur, entre o novo Complexo Deportivo e o pavillón polideportivo que posibilitará o paso peonil.	Cumpre
c. A parcela urbanizarase e axardinará na súa totalidade, non podendo quedar zonas sen tratar.	Cumpre
d. Disporanse 2 zonas de aparcadoiro, unha situada ao norte, cun máximo de 2 liñas de aparcadoiro en batería e rúa interior, diante da zoa de ubicación do novo Complexo Deportivo de Navia, que será de libre aparcadoiro para os usuarios de todos os centros deportivos ubicados na totalidade da parcela.	Cumpre
e. Ao sur proxéctase a construción dun aparcadoiro de libre posición a proposta dos ofertantes, que deberá ser de xestión directa para o novo Complexo Deportivo Municipal de Navia, en relación o proxecto de xestión dos abonados o mesmo.	Cumpre
f. Ademais realizarase a construción dunha Pista Polideportiva exterior de dimensións mínimas de 40 m x 20 m, destinado a un uso deportivo recreativo e de acceso libre, e un Campo de Fútbol 7 de céspede sintético, que deberá responder a que o seu uso e xestión dependerá directamente da propia estrutura xestora do actual campo de fútbol, polo cal a súas instalacións deberán posibilitar a súa conexión coas existentes.	Cumpre

2.2.- Edificio principal do novo complexo deportivo cuberto

Requisitos	Valoración
O acceso o edificio deberá ter a ubicación e dimensión adecuada o volume de uso para o cal este deseñado. Dito acceso estará relacionado cun area de encontro, na cal deberá ubicarse os espazos de recepción e control de accesos ao complexo deportivo. Dita area de acceso poderá	Cumpre



contemplar algún servizo complementario tipo cafetería, a cal tamén poderá contemplar acceso exterior independente.

A distribución funcional do edificio posibilitará as correspondentes circulacións diferenciando as mesmas en relación os usos deportivos, así como os accesos complementarios de acompañantes, persoal técnico, etc. Todo o ámbito da instalación deberá atender os requisitos legais de accesibilidade.

a.- Unha zona de auga cunha superficie mínima de 1.000 m² coas seguintes instalacións: unha piscina de 25x12,5; un vaso de aprendizaxe de 12,5 x 6; unha piscina activa de 12,5 x6 e unha zona de Wellness.

Requisitos	Valoración
✓ Piscina de 25 x 12,5 m, (cunha profundidade; 1,40 m nos fondos e 1,60 m no centro e 6 rúas de natación)	Cumpre
✓ Piscina de aprendizaxe de 12,5 x 6 m	Cumpre
✓ Piscina activa con chorros de tratamento, camas de auga e jacuzzi de 12,5 x 6 m	Cumpre
✓ Zona Wellness con sauna seca, baño de vapor e duchas de contraste	Cumpre
✓ Superficie mínima zona de auga 1.000 m ² (incluíndo lamina de auga, praias e wellness)	Cumpre

b.- Unha zona de ximnasia e salas de actividades coas seguintes instalacións: unha sala de fitness e 4 salas de actividades.

Este edificio conterá todos os servizos complementarios necesarios, como vestiarios, duchas, aseos, etc.

Requisitos	Valoración
✓ Sala de Fitness diáfana, cunha superficie mínimo de 900 m ²	Cumpre
✓ N° de salas mínimas: 4 salas para actividades físico deportivas cunha superficie total mínima de 700 m ²	Cumpre
✓ Todas as salas deportivas estarán dotados de pavimentos deportivos adecuados as diferentes practicas. As mesmas deberán estar dotadas dos equipamentos deportivos e elementos técnicos complementarios necesarios para o desenvolvemento das practicas deportivas.	Cumpre


c.- Vestiarios:

Requisitos	Valoración
✓ Vestiarios xerais de homes e mulleres, dotados con taquillas, zona de duchas e aseos.	Cumpre
✓ Vestiarios de grupos ou infantil	Cumpre
✓ Superficie mínima 550 m ²	Cumpre

d.- Sotano:

Requisitos	Valoración
✓ No espazo do sotano do edificio deberán situarse as distintas instalacións técnicas necesarias.	Cumpre
✓ Os vasos de piscina serán visitables e rexistrables desde o sotano e deberá contar cos accesos necesario para as tarefas necesarias de mantemento e reparacións.	Cumpre

2.3.- Urbanización do resto da parcela destinada o proxecto

Esta urbanización comprenderá as seguintes instalacións:

Requisitos	Valoración
a. 8 pistas de padel de céspede de céspede artificial, con peche perimetral de vidro e iluminación artificial. As pistas poderán ser cubertas a decisión do licitador. estas instalacións deberán cumprir as normas vixentes para o desenvolvemento da actividade de “padel”, tanto a nivel recreativo como de competición.	Cumpre
b. Aparcadoiro vehículos en zona norte	Cumpre
c. Aparcadoiro para 160 vehículos en zona sur	Cumpre
d. Campo de Fútbol 7 de 58 x 35 m de zona de xogo + bandas. O campo de fútbol incluírá varanda perimetral, peche perimetral, redes recollebalóns nos fondos, iluminación necesaria para a práctica do fútbol, rego automático, recollida de augas pluviais e equipamento con xogo de porterías. Esta instalación deberá ter as instalacións técnicas unificadas coas existentes.	Cumpre
e. Pista polideportiva 40 x 20 m, medidas regulamentarias, con pavimento de formigón puído e pintura de resinas, peche perimetral de malla electrosoldada de 4 m de altura, iluminación e equipamento de porterías de fútbol sala.	Cumpre
f. Urbanización completa da parcela en relación as zoas verdes, peches perimétricos e iluminación.	Cumpre



**2.4.- CADRO DE SUPERFICIES:
SUPERFICIES PLANTA ACCESO:**

Requisitos		Valoración
VESTÍBULO, CIRCULACIÓN	237,00 m ²	Cumpre
CONTROL, OFICINA	30,50 m ²	Cumpre
SALAS		Cumpre
SALA ACTIVIDADES 1	165,20 m ²	
SALA ACTIVIDADES 2	247,30 m ²	
SALA EJERCICIO VASCULAR - FITNESS	934,30 m ²	
SUP. ÚTIL PLANTA ACCESO	1.614,30 m ²	

SUPERFICIES PLANTA BAIXA

Requisitos		Valoración
VESTÍBULO, CIRCULACIÓN	101,90 m ²	
ZONA DE AUGA		Cumpre
ZONA WELLNES	284,20 m ²	
ZONA NADO	779,90 m ²	
VESTIARIOS		Cumpre
VESTIARIOS MULLERES	273,30 m ²	
VESTIARIOS NENOS	75,40 m ²	
VESTIARIOS HOMES	273,30 m ²	
SALAS		Cumpre
SALA ACTIVIDADES 3	165,20 m ²	
SALA ACTIVIDADES 4	165,20 m ²	
SUP. ÚTIL PLANTABAIXA	2.118,40 m ²	

SUPERFICIES CONSTRUÍDAS:

Requisitos		Valoración
SUP. CONSTR. PLANTA ACCESO	1.731,50 m ²	Cumpre
SUP. CONSTR. PLANTA BAIXA	2.271,50 m ²	Cumpre
SUP. CONSTR.SOTO	1.480,50 m ²	Cumpre
SUP. TOTAL CONSTRUÍDA	5.483,50 m ²	Cumpre

2.5.- CRITERIOS TECNICOS DE APLICACIÓN OBRIGATORIA PARA O PROXECTO:

As dependencias da instalación terán as seguintes características mínimas:

Requisitos	Valoración
a. As condicións de habitabilidade e hixiene cumpriran as condicións construtivas, hixiénicas e sanitarias que determinen especificamente as disposicións vixentes sobre materia deportiva, así como as disposición vixentes, que se é o caso, lles sexan de aplicación.	Cumpre



b. Serán de obrigado cumprimento as disposicións da Lei 8/1997, de 20 de agosto sobre accesibilidade e supresión das barreiras e do regulamento que a desenvolve ou normativa que a complementa ou substitúa, así como o Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico - sanitaria de piscinas de uso colectivo.	Cumpre
c. O consumo enerxético da instalación deberá, no posible, ser aportado por enerxías renovables. Así mesmo a edificación deberá contemplar os elementos construtivos adecuados para posibilitar pautas de xestión de aforro enerxético.	Cumpre
d. A distribución e circulación das zoas de vestiarios deberán posibilitar o uso polivalente da instalación, contemplando as circulación da diversidade de usos por idades, ou os usos individuais, usos de grupos, etc.	Cumpre
e. É moi importante que nas solucións arquitectónicas se contemple a menor incidencia do impacto construtivo, polo cal a edificación deberá ter un carácter homoxéneo co entorno da parcela, polo cal o edificio non pode ser un elemento agresivo no desenvolvemento xeral do proxecto. Así mesmo se deberá ter en conta, con especial atención, a resolución dos detalles construtivos de obra de xeito que se poida garantir a conservación o longo do tempo.	Cumpre
f. Para a construción e posterior xestión do complexo deportivo de Navia, o adxudicatario deberá realizar: os acondicionamentos da parcela, nivelacións, movementos de terra e urbanizacións que sexan precisas. Neste sentido, considéranse básicas: • Urbanización global da parcela incluíndo cerramentos, realización de viais de conexión, accesos rodados e peonís ao recinto, aparcadoiros, zonas verdes e sistema de rego, alumeado, zonas de recreo e circulacións interiores. O licitador xustifica detalladamente todos estes extremos no seu proxecto básico.	Cumpre

**2.6.- SOBRE A PROPOSTA ARQUITECTÓNICA A DESENVOLVER POLO LICITADOR.**

Os licitadores deberán de presentar na conformación da oferta a seguinte documentación como parte do proxecto básico e de execución a desenvolver.

Requisitos	Valoración
O Proxecto básico das obras. Este Proxecto Básico de construción do Complexo Deportivo de Navia” deberá incluír a ordenación da parcela deportiva e definirá as características xerais da obra e as súas prestación mediante a adopción e xustificación das solucións concretas que se propoñen. O contido do proxecto básico deberá dar cumprimento o establecido no Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, así como a normativa sectorial vixente de aplicación	Cumpre

3.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTAR O LICITADOR NO SOBRE “B”.**3.1.- PROPOSTA ARQUITECTONICA**

Para a valoración deste apartado os licitadores deberán incluír nesta apartado os seguintes contidos:

3.2.- Proxecto básico das obras

Este Proxecto Básico de construción do Complexo Deportivo de Navia”, deberá estar asinado por técnico competente, e deberá atender necesariamente como base do mesmo a proposta contemplada na memoria aprobada polo Concello de Vigo no proxecto de explotación.

O proxecto básico de construción deberá incluír a ordenación da parcela deportiva e definirá as características xerais da obra e as súas prestacións mediante a adopción e xustificación das solucións concretas que se propoñen. O contido do proxecto básico deberá dar cumprimento o establecido no Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, así como a normativa sectorial vixente de aplicación e de forma específica deberá atender os seguintes aspectos:

- A documentación incluída neste sobre para a valoración dos criterios por xuízo de valor deba adecuar o contido do mesmo co obxectivo de non incluír aspectos do proxecto que poidan desvelar, ou indicar algúns dos criterios previstos para a súa valoración dos criterios por fórmula descritos na cláusula 16ª B deste prego, e de forma especial o apartado do orzamento global do proxecto.
- O proxecto básico de construción deberá incluír todas as obras necesarias para un perfecto funcionamento e conservación desta instalación de modo que constituía unha obra completa, susceptible de ser entregada o servizo público.
- O proxecto básico deberá ter en conta que o prazo máximo de execución establece en 15 meses a contar dende a sinatura da acta de comprobación do replanteo.
- Os planos que se presenten deberán comprender toda a documentación gráfica que se precise e as escalas a utilizar deberán ser as adecuadas para unha correcta interpretación técnica.



- e. Se deberán presentar infografías ou imaxes virtuais da actuación. O licitador deberá presentar as representacións gráficas oportunas que permitan establecer a visión da proposta arquitectónica presentada. Esta representación deberá ser realizada en sistemas 3D.
- f. Se poderán presentar outros documentos técnicos descritivos que considere oportunos.

4.- Aspectos a valorar:

4.1.- Proposta arquitectónica: se valorará con ata **50 puntos**

As solucións arquitectónicas propostas en relación co anteproxecto de obra se valorarán tendo en conta os seguintes apartados:

4.1.1.- Proposta arquitectónica e funcionalidade: se valorará con ata **25 puntos**.

- **A integración da proposta arquitectónica co seu entorno:** se valorará con ata un máximo de **10 puntos**.

Valoración:

O volume proxectado plantexa unha fragmentación escalonada no sentido da pendente co fin de adaptalo á topografía da parcela. Ofrece unha lectura sinxela e unha escala urbana axeitada cos equipamentos restantes, dentro dun concepto de intervención homoxénea. A relación coas restantes arquitecturas non acude a solucións miméticas, si ben non chega a ofrecer sinais con identidade común que ofrezcan unha imaxe unitaria do conxunto de dotacións deportivas máis alá da súa composición de marcada compoñente horizontal. A disposición das instalacións exteriores adaptación de igual xeito ás condicións topográficas, atendendo ás premisas de creación dunha plaza urbana de acceso e dunha circulación peonil Norte-Sur a través da parcela.

- **Funcionalidade, accesibilidade e circulacións.** Se valorará con ata un máximo de **10 puntos** que as propostas arquitectónicas aumenten a funcionalidade da instalacións, así como os máximos niveis de accesibilidade xeral no proxecto.

Valoración:

En termos funcionais o proxecto emprega solucións xa validadas en outros complexos deportivos similares, de xeito que pode garantirse o seu correcto rendemento xa que se concibe para un volume de usuarios semellante. Neste caso, a disposición das estancias de uso público en tres plantas e as condicións de acceso plantexadas polo nivel superior da edificación esixen un maior emprego das comunicacións verticais, estando estas garantidas coa disposición dos núcleos de escaleiras e ascensor propostos, así coma a correcta accesibilidade no interior do equipamento. Aténdese especialmente á optimización da xestión do centro deportivo, xa que dende un único punto de control as circulacións segregáanse sen que existan cruces de usuarios dos diferentes ámbitos.

En termos funcionais, incorpóranse maior oferta de servizos coa incorporación dun espazo de cafetería, áreas de tratamento personalizado coma complemento á actividade física, sala de lactancia, solarium e posibilidade de actividade ó aire libre.



As condicións de urbanización sinaladas no prego prevén a circulación peonil Norte-Sur, enlazando a plaza de acceso co nivel inferior da parcela. Si ben estas circulacións son resoltas no perímetro da edificación, en termos de accesibilidade non se acadan os niveis recomendables en canto ós percorridos, non sendo estes adaptados, polo que o desenvolvemento do proxecto terá que considerar a incorporación de ramplas con ancho e pendentes axeitadas, de acordo co establecido pola lei de autonómica de accesibilidade e polo CTE DB-SUA.

- **Solucións propostas en relación ás enerxías renovables.** Serán valoradas con ata un máximo de **5 puntos** aquelas solucións propostas en relación a redución dos consumos enerxéticos e as actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera.

Valoración:

Como medidas pasivas, o proxecto incorpora solucións arquitectónicas de mellora nos consumos enerxéticos, tales como a atención á orientación e asoleamiento, volumetría compacta dentro da súa adaptación topográfica, atención á optimización da iluminación natural, uso de materiais reciclados. Con todo, determinadas zonas de uso público e actividade deportiva semellan desatender as proteccións solares das fachadas acristaladas con orientación Sur, cuestión que pode penalizar enerxéticamente o conxunto edificado.

Como medidas activas, contéplase o emprego de paneis solares como aportación enerxética ós sistemas de quecemento de auga en vasos e A.C.S. Os sistemas de climatización contan así mesmo con solucións que responden a estándares de aforro enerxético optimizado.

4.1.2.- Distribución e dimensión de espazos: se valorará con ata **10 puntos**

Serán valoradas as propostas e solucións adoptadas no proxecto en relación a distribución e ubicación dos diferentes espazos deportivos principais, tendo en conta as dimensións propostas que poderán aumentar os mínimos establecidos no presente expediente, e de forma específica sobre as seguintes áreas:

- **Vestuarios:** se valorará con ata un máximo de **3,5 puntos**

Valoración:

Disposición e dimensións equilibradas segundo o programa requerido. Criterios de funcionamento axeitados, atendendo ás particularidades de flexibilidade según horarios e tipoloxía dos usuarios, en especial ós picos correspondentes á entrada-saída de grupos. Do mesmo xeito, os vestuarios de discapacitados ocupan unha posición prioritaria para facilitar a atención destes usuarios en caso de precisar a asistencia dun acompañante.

Contéplase un uso independente dos vestuarios para xogadores de pádel, co fin de evitar interferencias entre usuarios, facilita-las condicións de control e mellorar as circulacións a través do edificio.



- **Área de fitness:** se valorará con ata un máximo de **3,5 puntos**

Valoración:

Dimensións axeitadas axustadas ó esixible no Prego. Presenta unha boa comunicación visual con outras estancias de actividade deportiva e flexibilidade en posibles variacións de distribución, aspectos que deben valorarse positivamente.

- **Salas actividades deportivas:** se valorará con ata un máximo de **3 puntos**

Valoración:

Cunha boa proporción das estancias, as áreas de fitness acadan axeitadas condicións de iluminación natural e relación co exterior, con posibilidade de extensión das actividades ás áreas exteriores inmediatas da primeira planta. Coma característica engadida, as salas ofrecen certas posibilidades de flexibilidade na súa distribución, en función da oferta do servizo.

4.1.3.- Calidades construtivas: se valorará con ata **10 puntos**

- **Pavimentos e equipamentos deportivos:** se valorará con ata un máximo de **3,5 puntos**

Valoración:

Emprego de pavimentos deportivos de PVC, de espesor variable entre 2,1 e 5 mm atendendo ás particularidades de uso das diferentes estancias, así coma un pavimento de gran densidade na zona de cardio e musculación. As salas de actividade exterior e solarium contemplan o emprego de céspede sintético. Aténdese o confort dos usuarios co emprego de falsos teitos acústicos nas áreas de ximnasio e salas de actividades. Con carácter xeral, os acabados plantexados ofrecen unha resistencia acorde coa intensidade de uso prevista, así coma unhas boas condicións de limpeza e mantemento.

- **Equipamentos técnicos de climatización e depuración:** se valorará con ata un máximo de **3,5 puntos**

Valoración:

No relativo á climatización, contéplanse dotacións específicas para o local da piscina, locais anexos e ximnasios e salas, todas elas baseadas en estándares de eficiencia enerxética:

- Local piscina: bomba de calor deshumificadora, cun correcto esquema dos circuitos de impulsión e retorno de aire, recuperador de calor, e atención ó aforro enerxético cun sistema de deshumificación free-cooling proporcional que pode reutilizar-lo calor para quecemento da auga do vaso.
- Locais anexos: Climatización e renovación de aire con recuperador de calor, empregando enfriadora con recuperación total para produción de frío e caldeira de condensación para produción de calor. Equipos en cuberta e en planta soto, en locais técnicos específicos.
- Quecemento vaso de piscina: emprego de fontes de calor procedentes da recuperación de calor da enfriadora e deshumificación, así coma caldeira de condensación e paneis solares que aportarán cando menos o 50% das necesidades de temperatura para a auga dos vasos e A.C.S.



Depuración: contémpanse sistemas de depuración independentes para cada un dos vasos previstos, baseados no emprego combinado de cloro e ultravioleta, de xeito que o 100% do caudal da piscina poida someterse ó tratamento das lámparas ultravioleta, limitando o uso do cloro a un papel residual desinfectante no tratamento da auga.

Os sistemas previstos acadan uns estándares de calidade axeitados á instalación e ó seu volume. A redución do papel do cloro no proceso de desinfección

- **Acabados zonas de auga:** se valorará con ata un máximo de **3 puntos**

Valoración:

Emprego de gres porcelánico antiesvarante en acabados de praias e vasos de nado e aprendizaxe, combinados puntualmente con treitos de gresite, e con pezas especiais nos rebosadeiros perimetrais. Nos paramentos verticais, alicatados de gres en praias e azulexados cerámicos en vestiarios e aseos. Consideranse solucións axeitadas para a intensidade de uso prevista, acadándose unha imaxe de calidade do conxunto da instalación.

4.1.4.- Areas deportivas exteriores e urbanización: se valorará con ata **5 puntos**

Serán valoradas as propostas e solucións adoptadas no proxecto en relación a estas areas deportivas, para o cal se terá en conta as calidades dos materiais a empregar, así como o seu dimensionamento e calidades dos acabados, tendo en conta as dimensións propostas que poderán aumentar os mínimos establecidos no presente expediente, e de forma específica sobre as seguintes áreas:

- **Áreas deportivas propostas:** se valorará con ata un máximo de **2,5 puntos**

Valoración:

A solución proposta para as áreas exteriores esgota practicamente as posibilidades de ocupación da parcela atendendo ás esixencias funcionais e dimensionais recollidas no prego. Presenta un encaixe xeral en continuidade coas directrices do volume edificado, si ben a claridade formal deste semella non ter continuidade na plataforma que serve de apoio ás pistas de pádel, ó solaparse parcialmente sobre as áreas de aparcamento da parte inferior da parcela. Certos detalles da urbanización poden considerarse anecdóticos (área de tenis de mesa, pista de skate de escasas dimensións...)

En termos de calidades e acabados, a urbanización plantexa estándares similares ós xa existentes na praza de acceso ás restantes dotacións deportivas. No referido á pista de fútbol 7, os acabados previstos son os xa empregados no campo de fútbol anexo, céspede artificial de última xeración. Para a pista polideportiva contémpase un pavimento de formigón semipulido cos marcaxes correspondentes. Por último, as pistas de pádel contemplan o emprego de céspede artificial de última xeración con area de sílice. En termos xerais, estas solucións ofrecen unha boa relación de durabilidade e baixo mantemento cun axeitado uso deportivo.

- **Espazos verdes:** se valorará con ata un máximo de **2,5 puntos**

Valoración:

Coma consecuencia da elevada ocupación das áreas deportivas, os espazos verdes presentan un tratamento secundario sen acadar protagonismo no conxunto, baseado no emprego de céspede e plantación de tapizantes e arborado de escaso mantemento, para o que se incorpora un sistema de rega automática. Con todo, pode considerarse que o grao de acabado e tratamento destas áreas resulta acorde co entorno e axeitado dentro das súas limitacións.



Resumen da puntuación:

	Pts max.	Valoración
a.1.- Proposta arquitectónica: se valorará con ata 50 puntos	50,00	40,10
a.1.1.- Proposta arquitectónica e funcionalidade: se valorará con ata 25 puntos.		
	Pts max.	Valoración
A integración da proposta arquitectónica co seu entorno:	10,00	8,00 puntos
Funcionalidade, accesibilidade e circulacións	10,00	7,50 puntos
Solucións propostas en relación ás enerxías renovables	5,00	3,50 puntos
	25,00	19,00 puntos
a.1.2.- Distribución e dimensión de espazos: se valorará con ata 10 puntos		
	Pts max.	Valoración
Vestuarios:	3,50	3,00 puntos
Área de fitness	3,50	3,00 puntos
Salas actividades deportivas	3,00	2,50 puntos
	10,00	8,50 puntos
a.1.3.- Calidades construtivas: se valorará con ata 10 puntos		
	Pts max.	Valoración
Pavimentos e equipamentos deportivos	3,50	3,00 puntos
Equipamentos técnicos de climatización e depuración	3,50	3,00 puntos
Acabados zonas de auga	3,00	2,80 puntos
	10,00	8,80 puntos
a.1.4.- Areas deportivas exteriores e urbanización: se valorará con ata 5 puntos		
	Pts max.	Valoración
Áreas deportivas propostas	2,50	2,00 puntos
Espazos verdes	2,50	1,80 puntos
	5,00	3,80 puntos
Total a.1.-		40,10 puntos



2.- PLAN DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA

En relación a documentación a aportar neste apartado, se deberá ter en conta que o plan de xestión e explotación do complexo deportivo de Navia está contemplado como un criterio de valoración mediante xuízo de valor, polo cal non deberá incluír datos que desvelen ou indiquen algún dos aspectos recollidos na cláusula 16ª.B deste prego para a valoración dos criterios mediante fórmula. Polo exposto a documentación a incluír neste sobre deberá atender os seguintes aspectos:

O licitador presentará un proxecto de xestión que incluírá, como mínimo:

- a. Descrición xeral do modelo de xestión.
- b. Descrición detallada do proxecto de funcionamento cun plan de xestión de usuarios e utilización das instalacións a través do desenvolvemento do modelo de plan deportivo e de actividades.
- c. Descrición detallada da estrutura de persoal destinada a explotación e xestión.
- d. Instrucións de funcionamento e xestión en relación os procesos de control de calidade.
- e. Plan de mantemento.
- f. Plan de promoción e comunicación.

Dentro dos apartados anteriores se deberán ter en conta de maneira específica os seguintes aspectos:

Sobre a descrición detallada do proxecto de funcionamento: o licitador deberá indicar de maneira detallada información das instrucións de funcionamento, respectando o recollido no regulamento do servizo de aplicación, dito proxecto deberá especificar o plan de xestión de usuarios, así como as peculiaridades dos calendarios e propostas de uso das instalacións.

Sobre o plan de recursos humanos: o licitador deberá establecer a súa proposta sobre os recursos humanos dos que disporá para o proxecto de xestión do Complexo deportivo de Navia. Dito proxecto deberá especificar as cualificacións profesionais de referencia en relación as diversas categorías. Así mesmo deberá desenvolver un organigrama funcional.

Sobre o programa deportivo e de actividades: en relación co programa deportivo, o licitador presentará o modelo de xestión para os programas deportivos do complexo deportivo, con especial atención a xerar unha oferta polivalente que posibilite unha oferta para todas as idades e tamén potenciando o acceso o deporte das persoas con discapacidades.

Este programa deportivo poderá conter con carácter complementario o mesmo, servizos específicos onde a propia actividade física sexa recomendada para aspectos de saúde. Estas propostas atenderán de forma xeral os complementos vinculados a mellora da saúde a través da actividade física.

Sobre o programa de mantemento e conservación das instalacións deportivas: o licitador presentará un programa sobre estes aspectos onde se detallará a periodicidade das actuacións, investimentos, posta a punto e renovación de equipos, cronograma de actuacións. O control hixiénico sanitaria das condicións da auga se realizará consorte coas disposicións vixente de rango estatal ou autonómico que resulten de aplicación. No plan de mantemento se detallará o mantemento predictivo e de conservación, preventivo e de optimización, técnico legal, e correctivo. Así mesmo deberán detallarse as propostas de informes e memorias que se propoñen para os informes dos estados de conservación o Concello de Vigo.



Sobre o programa de control de calidade e promoción: O licitador presentara a descrición dos medios que se comprometerá a instalación para os procesos de control de calidade, as propostas de metodoloxía, así como a elaboración de los planes de autocontrol de calidade. Así mesmo deberá indicar as propostas para os sistemas de información e os plans de marketing propostos.

Informe de valoración:

